

destes vehículos, así como para a realización de calquera trámite referido ao vehículo ante as xefaturas de tráfico ou outros órganos da Administración.

4. Cando como consecuencia da realización dalgún trámite sexa necesaria a expedición dun novo certificado de características, emitirase unha tarxeta ITV. A tarxeta ITV deberá ter cubertos soamente os datos que figuraban no anterior certificado de características.

5. Calquera mención que se realice na normativa vixente ao certificado de características entenderase referido á tarxeta ITV.

Disposición transitoria segunda. *Prazos para a obrigatoriedade da inspección periódica aos ciclomotores e cuadríciclos lixeiros.*

1. Os ciclomotores e cuadríciclos lixeiros obrigados a pasar inspección periódica, segundo o establecido no artigo 6.a) e b) do Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, deberán comezar a pasar a inspección periódica dentro dos seguintes prazos:

Número de matrícula rematado en 0: antes de que transcorran seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Número de matrícula rematado en 1: no mes seguinte a partir da terminación do prazo anterior.

Número de matrícula rematado en 2: no mes seguinte a partir da terminación do prazo anterior.

Número de matrícula rematado en 3: no mes seguinte a partir da terminación do prazo anterior.

Número de matrícula rematado en 4: no mes seguinte a partir da terminación do prazo anterior.

Número de matrícula rematado en 5: no mes seguinte a partir da terminación do prazo anterior.

Número de matrícula rematado en 6: no mes seguinte a partir da terminación do prazo anterior.

Número de matrícula rematado en 7: no mes seguinte a partir da terminación do prazo anterior.

Número de matrícula rematado en 8: no mes seguinte a partir da terminación do prazo anterior.

Número de matrícula rematado en 9: no mes seguinte a partir da terminación do prazo anterior.

2. Malia o disposto no punto anterior, as comunidades autónomas poderán diferir en disposicións que diten para o efecto, por falta de infraestruturas adecuadas, a obrigatoriedade de inspección periódica dos ciclomotores de dúas rodas, ata tres anos desde a publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1. 21.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

11201 *ORDE PRE/1980/2006, do 19 de xuño, pola que se inclúen as substancias activas warfarina, tolilfluanida, forclorfenurón, indoxacarb, oxamilo e 1-metilciclopropeno no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios.* («BOE» 149, do 23-6-2006.)

A Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios, inclúe no seu anexo I as substancias activas que foron autorizadas para a súa incorporación nos produtos fitosanitarios. Esta directiva incorpórase ao ordenamento xurídico español en virtude do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. Por outra parte, na Orde do 14 de abril de 1999, establécese o anexo I do devandito real decreto, baixo a denominación «Lista comunitaria de substancias activas», que se define no punto 16 do artigo 2 da devandita norma como a lista das substancias activas de produtos fitosanitarios aceptadas pola Comisión Europea e cuxa incorporación se fará pública mediante disposicións nacionais, como consecuencia doutras comunitarias.

A Directiva 91/414/CEE, do Consello, do 15 de xullo de 1991, foi modificada por sucesivas directivas co fin de incluír no seu anexo I determinadas substancias activas. As últimas foron, a Directiva 2006/5/CE da Comisión, do 17 de xaneiro, mediante a cal se inclúe a substancia activa warfarina, a Directiva 2006/6/CE da Comisión, do 17 de xaneiro, mediante a cal se inclúe a substancia activa tolilfluanida, a Directiva 2006/10/CE da Comisión, do 27 de xaneiro, mediante a cal se inclúen as substancias activas forclorfenurón e indoxacarb, a Directiva 2006/16/CE da Comisión, do 7 de febreiro, mediante a cal se inclúe a substancia activa oxamilo, e a Directiva 2006/19/CE da Comisión, do 14 de febreiro, mediante a cal se inclúe a substancia activa 1-metilciclopropeno. A presente orde incorpora ao ordenamento xurídico as directivas anteriormente citadas mediante a inclusión das substancias activas warfarina, tolilfluanida, forclorfenurón, indoxacarb, oxamilo e 1-metilciclopropeno no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

As disposicións citadas establecen as condicións para que a comercialización de produtos fitosanitarios que conteñan as referidas substancias activas non teñan efectos nocivos para a saúde humana ou a saúde animal nin para as augas subterráneas, nin teñan repercusións inaceptables para o medio, así como para que se revisen as autorizacións existentes de produtos fitosanitarios que conteñan algunha das substancias activas que se inclúen no anexo I da Directiva 91/414/CEE, do Consello, do 15 de xullo de 1991, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios modificándoas ou retirándoas, de conformidade co establecido para o efecto na devandita directiva.

A presente orde dítase de acordo coa facultade establecida na disposición derradeira primeira do devandito real decreto.

A Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente, dispoño:

Artigo único. *Inclusión de substancias activas no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios.*

As substancias activas warfarina, tolilfluanida, forclorfenurón, indoxacarb, oxamilo e 1-metilciclopropeno inclúense no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, segundo se detalla no anexo desta orde.

Disposición adicional única. *Revisión das autorizacións.*

1. Co fin de verificar que se cumpren as condicións de inclusión establecidas no anexo da presente orde, as autorizacións existentes e as autorizacións provisionais dos produtos fitosanitarios que conteñan as substancias activas afectadas, concedidas con anterioridade ao inicio do seu prazo de inclusión, serán revisadas, adoptando e aplicando as correspondentes resolucións antes de que expire o respectivo prazo establecido no devandito anexo.

2. A verificación do cumprimento dos requisitos de documentación especificados no artigo 29.1.a) do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, contidos no anexo III da Orde do 4 de agosto de 1993, pola que se establecen os requisitos para solicitudes de autorizacións de produtos fitosanitarios, e a avaliación conforme os principios uniformes contidos no anexo VI da Directiva 91/414/CEE, do Consello, do 15 de xullo de 1991, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios, incorporado ao noso ordenamento xurídico pola Orde do 29 de novembro de 1995, pola que se establecen os principios uniformes para a avaliación e autorización de produtos fitosanitarios, deberánse realizar adoptando e aplicando as correspondentes resolucións antes de que expire o respectivo prazo para a aplicación dos devanditos principios uniformes, que, para cada unha das substancias activas, se indican no anexo da presente orde, tendo en conta ademais as conclusións da versión final do correspondente informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado no Comité Permanente da Cadea Alimentaria e Sanidade Animal.

3. No Rexistro Oficial de Produtos e Material Fitosanitario da Dirección Xeral de Agricultura, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, quedarán á disposición dos interesados os informes de revisión da Comisión Europea a que se refire o punto anterior, así como os da Comisión de Avaliación de Produtos Fitosanitarios previstos no artigo 3 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro. Todo isto con excepción da información confidencial definida no artigo 32 de o devandito real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 19 de xuño de 2006.–A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

ANEXO

Inclusión de substancias activas no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios

Condicións da inclusión da substancia activa warfarina

Características:

Nome común: Warfarina.
N.º CAS: 81-81-2.

N.º CIPAC: 70.

Nome químico (IUPAC): (RS)-4-hidroxi-3-(–3-oxo-1-fenilbutil)cumarina 3-(~~X~~-acetoni-benzil)-4-hidroxicumarina.

Pureza mínima da substancia: ≥990 g/kg de produto técnico.

Condicións de inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como rodenticida, en forma de cebos xa preparados, se é o caso, colocados en depósitos especialmente construídos.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 23 de setembro de 2005, deberase atender especialmente:

a) á protección das aves e os mamíferos non obxecto do tratamento, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco.

b) á seguridade dos operarios, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda medidas de redución de risco.

Prazo da inclusión: do 1 de outubro de 2006 ata o 30 de setembro de 2013.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de marzo de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de setembro de 2010, para formulacións que conteñan warfarina como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994, para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser a warfarina unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condicións da inclusión da substancia activa oxamilo

Características:

Nome común: Oxamilo.

N.º CAS: 23135-22-0.

N.º CIPAC: 342.

Nome químico (IUPAC): N,N-dimethyl-2-metilcarbamiloiloximino-2-(metiltio)acetamida.

Pureza mínima da substancia: 970 g/kg de produto técnico.

Condicións de inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como nematicida e insecticida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 15 de xullo de 2005, deberase atender especialmente:

a) á protección das aves, os mamíferos, as miñocas, os organismos acuáticos e as augas superficiais e subterráneas en condicións vulnerables, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco.

b) á seguridade dos operarios, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco.

Prazo da inclusión: do 1 de agosto de 2006 ata o 31 de xullo de 2016.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de xaneiro de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de xullo de 2010, para formulacións que conteñan oxamilo como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994, para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o oxamilo unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

*Condicións da inclusión da substancia activa
tolilfluanida*

Características:

Nome común: Tolilfluanida.

N.º CAS: 731-27-1.

N.º CIPAC: 275.

Nome químico (IUPAC): Ndiclorofluorometiltio-N',N'-dimetil-N-p-tolilsulfamida.

Pureza mínima da substancia: 960 g/kg de produto técnico.

Condicións de inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 23 de setembro de 2005, deberase atender especialmente:

a) á protección dos mamíferos herbívoros, os organismos acuáticos e os artrópodos non obxecto do tratamento (distintos das abellas), e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco.

b) aos residuos nos alimentos, debendo avaliar a exposición dos consumidores a través da alimentación.

Prazo da inclusión: do 1 de outubro de 2006 ata o 30 de setembro de 2016.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de marzo de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de setembro de 2010, para formulacións que conteñan tolilfluanida como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994, para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser a tolilfluanida unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

*Condicións da inclusión da substancia activa
1-metilciclopropeno*

Características:

Nome común: 1-metilciclopropeno.

N.º CAS: 3100-04-7.

N.º CIPAC:

Nome químico (IUPAC): 1-metilciclopropeno.

Pureza mínima da substancia: ≥ 960 g/kg de produto técnico.

As impurezas de fabricación 1-cloro-2-metilpropeno e 3-cloro-2-metilpropeno considéranse de importancia toxi-

colóxica e ningunha delas debe exceder 0,5 g/kg no produto técnico.

Condicións de inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como regulador de crecemento vexetal para o almacenamento poscolleita en almacén precintado.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atenderase ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 23 de setembro de 2005.

Prazo da inclusión: do 1 de abril de 2006 ata o 31 de marzo de 2016.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de setembro de 2006.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de setembro de 2007, para formulacións que conteñan 1-metilciclopropeno como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994, para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser 1-metilciclopropeno unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

*Condicións da inclusión da substancia activa
forclorfenurón*

Características:

Nome común: Forclorfenurón.

N.º CAS: 68157-60-8.

N.º CIPAC: 633.

Nome químico (IUPAC): 1-(2-cloro-4-piridinil)-3-fenilurea.

Pureza mínima da substancia: ≥ 978 g/kg de produto técnico.

Condicións de inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como regulador do crecemento vexetal.

Na avaliación das solicitudes de autorización de produtos fitosanitarios con forclorfenurón para outros usos que os correspondentes ás plantas de kiwi, prestarase especial atención aos criterios recollidos no artigo 15.1.b) do Real decreto 2163/1994, para o que se facilitarán todos os datos e a información necesaria antes de conceder as devanditas autorizacións.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 23 de setembro de 2005, deberase atender especialmente á contaminación das augas subterráneas cando se aplique a substancia activa en zonas de características edáficas vulnerables ou climáticas extremas.

Prazo da inclusión: do 1 de abril de 2006 ata o 31 de marzo de 2016.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de setembro de 2006.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de setembro de 2007, para formulacións que conteñan forclorfenurón como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994, para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o forclorfenurón unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspon-

dente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

Condições da inclusión da substancia activa indoxacarb

Características:

Nome común: Indoxacarb.

N.º CAS: 173584-44-6.

N.º CIPAC: 612.

Nome químico (IUPAC): metil(S)-N-[7-cloro-2,3,4,5-tetrahidro-4.^a-(metoxicarbonil)indeno[1,2-e][1,3,4]oxadiazina-2-ilcarbonil]-4'-(trifluorometoxi)carbanilato.

Pureza mínima da substancia: ≥628 g/kg de produto técnico.

Condições de inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como insecticida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 23 de setembro de 2005, deberase atender especialmente á protección dos organismos acuáticos e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco.

Prazo da inclusión: do 1 de abril de 2006 ata o 31 de marzo de 2016.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de setembro de 2006.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de setembro de 2007, para formulacións que conteñan indoxacarb como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994, para a devandita data, ou, se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o indoxacarb unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

XEFATURA DO ESTADO

11284 REAL DECRETO LEI 6/2006, do 23 de xuño, sobre pensións excepcionais derivadas de atentados terroristas. («BOE» 150, do 24-6-2006.)

No marco da singular e constante atención cara ás vítimas do terrorismo que inspirou as actuacións normativas de todos os gobernos democráticos para instrumentar un amplo sistema de protección de cantos sufriron a violencia terrorista, adóptase o presente real decreto lei para dar resposta ás necesidades derivadas de situacións familiares de convivencia que xa tiveron o seu reflexo en normas precedentes.

A especial atención do Alto Comisionado de Apoio ás Vítimas do Terrorismo aos requirimentos presentados polos afectados permitiu detectar a existencia de supostos individualizados en que as normas xerais impiden outorgar prestacións que resulta razoable conceder.

En concreto, na normativa aplicable en materia de pensións extraordinarias motivadas por actos de terrorismo, nin o Sistema da Seguridade Social nin o Réxime de Clases Pasivas do Estado prevén que poidan ser beneficiarias as persoas que, mesmo mantendo análoga relación de afectividade, non tivesen a condición de cónxuxe do falecido por esta causa. Neste suposto, existiría un

número de afectados polos atentados terroristas que non poderían acceder a esa pensión extraordinaria sobre a base do seu estado civil, é dicir, por non constar vínculo matrimonial co causante da pensión.

Esta situación está resolta nas axudas ás vítimas do terrorismo establecidas en diferentes leis de medidas fiscais, administrativas e da orde social e na Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo.

Por iso, razóns de xustiza material e equidade aconsellan adoptar as medidas pertinentes para que as persoas que se encontran na situación descrita poidan acceder a unha pensión excepcional, cuxa xustificación é a identidade do feito causante en relación cos restantes afectados polos atentados que xa accederon ás correspondentes pensións extraordinarias como vítimas de atentados terroristas.

A condición de beneficiario das medidas excepcionais previstas no presente real decreto lei estenderase no futuro aos que acrediten de maneira que faga fe teren convivido cunha persoa falecida a causa dun atentado terrorista, sempre que a devandita convivencia constituíse unha relación de afectividade análoga á do matrimonio e se producise de forma permanente durante, polo menos, os dous anos anteriores ao momento do falecemento, manténdose para eles, como data de efectividade, a entrada en vigor deste real decreto lei.

A necesidade extraordinaria de atender as vítimas de forma urxente e suplir a antedita falta de cobertura normativa de maneira apremante son os supostos principais e determinantes que habilitan o Goberno para acudir ao procedemento legislativo extraordinario do real decreto lei.

Na súa virtude, en uso da autorización conferida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e do ministro do Interior, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xuño de 2006,

DISPONGO:

Artigo 1. *Pensións excepcionais.*

1. En atención ás circunstancias especiais que concorren no falecemento das persoas e dos beneficiarios que a continuación se relacionan, recoñécese pensión excepcional a favor de:

Jesús Antonio Muñoz Díaz-Delgado (08979244K), como beneficiario de M.^a Pilar Cabreajas Murillo.

Francisco de la Torre Jimeno (51949982C), como beneficiario de Beatriz Díaz Hernández.

Carlos Alberto Rendon Melo (X5670276V), como beneficiario de Gloria Inés Bedoya Gloria.

José Luis Sánchez San Frutos (08998021F), como beneficiario de Marion Cintia Subervielle.

Eva María Girón Sánchez (33509228E), como beneficiaria de Carlos Soto Arranz.

Andrés Hernández Gil (02176771M), como beneficiario de María Paz Criado Pleiter.

Bárbara Morales García (07251465W), como beneficiaria de Javier Garrote Plaza.

Víctor Rodríguez Aparicio (3851900R), como beneficiario de Inés Novellón Martínez.

Miriam Carramolino Olivares (6254153Q), como beneficiaria de Abel García Alfageme.

Ana M. de Fátima Romero Ortiz (X4113864S), como beneficiaria de Oswaldo Cisneros Villacís.

María Dolores Quintanilla García (13045968T), como beneficiaria de Manuel Fuentes Pedreira.

María da Luz Dos Santos Verísimo (44130748G), como beneficiaria de José Álvarez Suárez.

Silvia Oliva Muñoz (25706775C), como beneficiaria de Miguel Ángel Ayllón Díaz-González.